

ción do profesorado deberá axustarse ó establecido no Real decreto 1.004/1991.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 1994.

Gerardo Muñoz Sánchez-Brunete

Director xeral de Ordenación Educativa e Centros

Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Centros

ANEXO

Provincia da Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela

Enderezo: Enseñanza, 3.

Denominación: Compañía de María.

Titular: Orden de la Compañía de María.

Nivel: educación infantil.

Unidades de que constaba: 4 de educación preescolar-párvulos.

Unidades novas autorizadas: 2.

Total de unidades autorizadas: 6.

CONSELLERÍA DE CULTURA

Decreto 295/1994, do 30 de setembro, polo que se modifica o Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica.

O Decreto 320/1992, do 12 de novembro, fixou os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica, de acordo co mandato establecido pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 496/1994, do 17 de marzo, modificou o artigo 22 do Regulamento dos museos de titularidade estatal no sentido de establecer un réxime de acceso ós ditos museos non discriminatorio para os cidadáns dos restantes estados membros da Unión Europea.

Sendo, pois, necesario adapta-la regulamentación dos prezos públicos percibidos por entradas nos museos xestionados pola Comunidade Autónoma e nos de titularidade autonómica a estas condicións, por proposta do conselleiro de Cultura e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

O artigo 7 do Decreto 320/1992, do 12 de novembro, quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 7º —Entradas.

1. Nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma percibirase o prezo das entradas, durante as horas habitualmente establecidas, coas seguintes excepcións:

- a) Os menores de idade civil.
- b) Os maiores de sesenta e cinco anos ou xubilados
- c) Os membros das fundacións ou asociacións de amigos do museo correspondente cando teñan conecertada a exención coa Administración titular do museo.
- d) O voluntariado cultural e educativo.

2. Prezos reducidos.

Terán dereito á redución do 50% no prezo da entrada ós museos ós que se refire o presente decreto:

a) Os titulares do carné xove, carné de estudante ou os seus correspondentes internacionais.

b) Os grupos, vinculados a institucións de carácter cultural ou educativo, constituídos por quince ou máis membros, logo de solicitude de visita perante o responsable do museo, cunha antelación mínima de quince días.

3. Autorizacións especiais.

A Consellería de Cultura ou os directores dos museos poderán autorizar a entrada gratuíta ou con prezo reducido ás persoas ou grupos que o soliciten por motivos profesionais, de estudo ou de investigación.

4. Visita pública gratuíta

Poderanse visitar gratuitamente os museos a que se refire este decreto nos seguintes días.

a) Os sábados desde as catorce trinta horas ata a hora de peche e os domingos desde a hora de apertura ata a hora de peche.

b) O día 18 de maio, Día Internacional dos Museos.

c) O día 25 de xullo, Día Nacional de Galicia.

d) O día 12 de outubro, Festa Nacional de España.

e) O día da Constitución española».

Artigo 2º

O artigo 10 do citado decreto queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10º —Tarifas en museos.

Os prezos públicos esixiranse nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade de acordo coas seguintes tarifas:

0 1. Entrada: 400 pesetas.

0.2. Copias.

0.2.1. Fotografía:

—Positiva 18 × 24: 250 pesetas.

—Negativa 24 × 30: 300 pesetas.*

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
Conselleiro de Cultura

Decreto 296/1994, do 30 de setembro, polo que se declara ben de interese cultural a obra do pintor Fernando Álvarez de Sotomayor Parella de galegos de Bergantiños.

Por Resolución do 4 de abril de 1994 da Consellería de Cultura, incoouse expediente para a declaración como ben de interese cultural do cadro *Parella de galegos de Bergantiños* de Fernando Álvarez de Sotomayor.

A tramitación do mencionado expediente levouse a cabo de acordo co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e co artigo 2.1º 2 do Real decreto 64/1994, do 21 de xaneiro, que modifica o Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei de patrimonio histórico español, así como do Decreto 430/1991, da Consellería de Cultura e Xuventude.

Tendo en conta o establecido no artigo 8 do Decreto 430/1991, do 30 de decembro, e por proposta do conselleiro de Cultura, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPÓÑO:

Artigo 1º Declarar ben de interese cultural o cadro *Parella de galegos de Bergantiños*, obra de Fernando Álvarez de Sotomayor, realizado polo autor no ano 1952, en óleo sobre lenzo de 87×79 cm, que representa unha parella de aldeáns galegos de medio corpo ó lado esquerdo do cadro.

Artigo 2º O Rexistro de Ben de Interese Cultural de Galicia da Consellería de Cultura levará a cabo a inscrición relativa a este ben, e darase comunicación ó Rexistro de Bens do Ministerio de Cultura de Madrid.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
Conselleiro de Cultura

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

Corrección de erros.—Orde do 26 de setembro de 1994 pola que se establecen as normas para a concesión de axudas para a creación, modernización, ampliación e innovación tecnolóxica de instalacións de acuicultura.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 191, do 3 de outubro, cómpre face-las seguintes correccións

Artigo 1º «...á aplicación orzamentaria 12.02.614B.771.00...», debe dicir: «... ás aplicacións orzamentarias 12.02.614B.771.00 e 12.03 731B.770 00...».

—Artigo 7º 4: «... segundo o disposto no artigo 32 2º do Decreto.. », debe dicir. « . segundo o disposto no artigo 34 1º do Decreto. ».

—Artigo 12º, parágrafo segundo: «... a que fai referencia o artigo 7.4º. », debe dicir: «... a que fai referencia o artigo 7 3º . ».

—Artigo 14º 1: «Xustificantes do investimento e do pagamento por cuadruplicado», debe dicir: «Xustificantes do investimento e do pagamento por sextuplicado».

—Artigo 15º 4: «As delegacións territoriais da Consellería .», debe dicir. «As delegacións territoriais ou comarcais da Consellería...».

Orde do 30 de setembro de 1994 pola que se aproba o cambio de dominio da estación depuradora de moluscos sita na Lanzada-Campo de Laxes-O Grove (Pontevedra), titularidade de Isidoro Callejo García, a favor de Remagro, S A

Visto o expediente iniciado con data 25-2-1994, por instancia de Isidoro Callejo García, que solicita autorización para levar a cabo o cambio de dominio do establecemento que a continuación se relaciona

Establecemento: estación depuradora.

Especies: moluscos.

Lugar A Lanzada-Campo de Laxes-O Grove (Pontevedra)